

PROGRAMACIÓN **DIDÁCTICA DO** **DEPARTAMENTO** **DE FILOSOFÍA**

I.E.S. MANUEL GARCÍA BARROS
A ESTRADA
CURSO 2010-2011

ÍNDICE

0. PRESENTACIÓN XERAL	p. 1
1. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE «HISTORIA DA FILOSOFÍA», 2º BACHARELATO	p. 2
2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE « FILOSOFÍA E CIDADANÍA», 1º BACHARELATO	p. 16
3. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE «ANTROPOLOXÍA», 1º BACHARELATO	p. 29
SINATURA	p. 41

PRESENTACIÓN XERAL

Neste curso 2010-2011, aséntanse os novos currículos do Bacharelato.

Malia os dous cursos de experiencia (un para «Historia da filosofía»), o Departamento viuse na obriga de renovar as programacións didácticas en todas as asignaturas ao seu cargo, polo carácter experimental que de xeito lóxico seguen a ter nestes primeiros cursos que se imparten.

Para este curso, o Departamento de Filosofía está constituído por un único membro, o profesor Arturo J. Vizcarra Trillo, que exercerá como xefe do Departamento.

Estas son as tarefas docentes que se lle encargaron por parte da dirección, segundo materias e niveis:

-tres grupos de «Historia da filosofía», no nivel de 2º de bacharelato, un dos cales forma sección bilingüe de francés.

-tres grupos «Filosofía e cidadanía», no nivel de 1º de bacharelato.

-un grupo de «Antropoloxía», no nivel de 1º de bacharelato.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA ASIGNATURA
HISTORIA DA FILOSOFÍA
SEGUNDO DE BACHARELATO

ÍNDICE

0. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN		p.3
1. OBXECTIVOS		p. 4
2. CONTIDOS	2.1. Presentación dos contidos	p. 5
	2.2. Secuenciación e temporalización dos contidos	p. 5
3. METODOLOXÍA	3.1. Principais actividades	p. 7
	3.2. Actividades complementarias	p. 7
	3.3. Materiais e recursos didácticos	p. 8
4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	4.1. Criterios de avaliación	p. 9
	4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	p. 9
	4.3. Criterios e procedementos de cualificación	p. 10
	4.4. Actividades e sistema de recuperación	p. 11
	4.5. Reforzos para lograr a recuperación	p. 11
	4.6. Contidos mínimos	p. 12
5. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS		p. 13
6. MEDIDAS PARA ATENDER A DIVERSIDADE DO ALUMNADO		p. 13
7. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO AO PROXECTO LECTOR		p. 14
8. A SECCIÓN BILINGÜE		p. 15

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Partindo do **Decreto 126/2008, do 19 de xuño** (DOG do 23 de xuño de 2008), que derroga o Decreto 231/2002, do 6 de xuño (DOG do 15 de xullo de 2002) e no que se establece o ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, este Departamento presenta a programación didáctica da nova asignatura para segundo de bacharelato «Historia da filosofía».

Este é o segundo curso no que se presenta a asignatura obrigatoria «Historia da filosofía», alomenos con esta denominación. Consideramos que apenas hai variacións relevantes con respecto á asignatura da que esta é herdeira, «Filosofía II», polo que o Departamento presenta unha programación continuísta con respecto á doutros cursos.

Malia a insistencia do Decreto en que a asignatura de «Historia da filosofía» culmina o ciclo de educación filosófica no bacharelato, este Departamento considera que existen diferenzas substanciais entre as asignaturas de «Filosofía e cidadanía» e «Historia da filosofía», tanto nos contidos como na metodoloxía aplicable, que fan complicado, tanto para o profesorado como para o alumnado, establecer unha continuidade. Aínda así, este Departamento intentará establecer as pontes pertinentes entre ambas as asignaturas.

De acordo coas directrices do Decreto, a ensinanza que este Departamento ofrecerá desta asignatura estará baseada nestes aspectos:

1. Intentaremos equilibrar a aprendizaxe entre sistemas e autores. En calquera caso, o peso que sobre a asignatura teñen as Probas de Acceso á Universidade (PAU), fai que, como logo se ha poder observar na nosa redistribución das unidades, o eixo das ensinanzas sexa o traballo sobre un mínimo de dez autores, arredor dos textos dos cales se organizará a explicación da historia da filosofía. Tal obxectivo, ao xuízo deste departamento, é sinxelamente descabellado, pero como funcionarios que somos, intentarémolo.
2. Intentaremos evitar o risco de esaxerar a información histórica e contextual dos autores e os sistemas, así como de converter a historia da filosofía nunha mera cronoloxía filosófica, sen por iso negar a importancia do diálogo histórico entre os autores e o diálogo histórico entre os sistemas. Hai que indicar, en calquera caso, que as novas directrices do grupo de traballo das PAU para Galicia (presentadas a finais do primeiro trimestre do curso anterior) contradí este principio, obrigando a aumentar o nivel da información histórica e contextual. Poida que os membros dese grupo de traballo non leran as directrices do Decreto.
3. Intentaremos afastarnos da ensinanza erudita tanto como da esquemática.
4. Centraremos a atención nos comentarios de textos filosóficos como forma de acceso e presentación dos principais sistemas filosóficos e, sobretudo, dos principais autores da historia da filosofía.

1. OBXECTIVOS

O Departamento asume os obxectivos que presenta o Decreto 126/2008, do 19 de xuño (DOG do 23 de xuño de 2008). Recollémolos aquí tal e como se presentan no devandito decreto:

1. Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
2. Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente a filosofía ao longo da súa historia e relacionalas con temas traballados en filosofía e cidadanía, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
3. Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
4. Elaborar exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.
5. Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.
6. Desenvolver o hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.
7. Constatar a posición de cada representante dunha corrente filosófica sobre a diferenza de xénero e valorala á luz das crenzas e prácticas do seu contexto histórico.
8. Debater temas de actualidade en relación cos contidos da materia, fundamentando racionalmente a propia postura, recoñecendo as achegas doutras persoas e illando os prexuízos infundados.
9. Valorar o coñecemento do pasado como unha achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.
10. Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.

2. CONTIDOS

O Decreto 126/2008, do 19 de xuño (DOG do 23 de xuño de 2008) presenta unha división da historia da filosofía en cinco bloques, sendo o primeiro de contidos comúns, e sinala, para o restantes catro, un conxunto de tópicos nos que só se mencionan algúns dos autores máis importantes e representativos.

Respectando todos estes aspectos, e tendo tamén en conta as orientacións contidas nas circulares enviadas aos I.E.S. polo director do grupo de traballo de filosofía para as Probas de Acceso á Universidade (PAU), este Departamento presenta un reparto reaxustado, en bloques e unidades, dos tópicos. Finalmente, presentamos unha secuenciación pormenorizada desas mesmas unidades e o reparto temporal, estimado, ao longo do curso:

2.1. PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS

Bloque I. FILOSOFÍA ANTIGA

Unidade 1: O nacemento da filosofía: Os autores presocráticos

Unidade 2: Os sofistas e Sócrates

Unidade 3: O pensamento de **Platón**

Unidade 4: O pensamento de **Aristóteles**

Unidade 5: O pensamento nas escolas helenísticas

Bloque II. FILOSOFÍA MEDIEVAL

Unidade 6: A formación do cristianismo: A Patrística (**Agostiño de Hipona**)

Unidade 7: O asentamento do cristianismo: A Escolástica (**Tomé de Aquino**)

Bloque III. FILOSOFÍA MODERNA

Unidade 8: A revolución renacentista do pensamento (**Locke**)

Unidade 9: A revolución cartesíada da filosofía (**Descartes**)

Unidade 10: O debate racionalismo-empirismo (**Hume**)

Unidade 11: O pensamento filosófico crítico na Ilustración (**Kant**)

Bloque IV. FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA

Unidade 12: O pensamento de **Marx**

Unidade 13: O pensamento de **Nietzsche**

Unidade 14: As correntes filosóficas do s. XX

2.2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A distribución dos contidos conceptuais da materia ao longo do curso que este Departamento propón, está pensada para que os bloques se repartan nos tres trimestres naturais do curso.

TRIMESTRE	BLOQUE	UNIDADES
Primeiro	Bloque I: Filosofía antiga	Unidades 1 a 5
Segundo	Bloques II e III: Filosofía medieval e Filosofía moderna	Unidades 6 a 11
Terceiro	Bloque IV: Filosofía contemporánea	Unidades 12 a 14

O Departamento considera que a distribución temporal por unidades non ten que ser homoxénea. Cada unidade presenta características particulares de extensión e dificultade. O tempo de tratamento dependerá da dificultade do autor ou autores, e da relevancia da unidade

didáctica para as Probas de Acceso á Universidade (PAU).

Consideramos fundamental para unha correcta marcha do curso, rematar o primeiro bloque no primeiro trimestre. A experiencia nos di, por contra, que resulta demasiado ambicioso pretender rematar a presentación dos bloques segundo e terceiro no segundo trimestre, pero aínda así consideramos que debe ser un criterio regulativo. Dependemos todos os cursos do tipo de temporalización que se faga no centro. Segundo de bacharelato remata as clases a mediados de maio, polo que se non se adianta, para este nivel, a fin da segunda avaliación, resulta un último "trimestre" moi curto. Se se adianta (que é algo que non temos asegurado) parte do bloque terceiro debe ser presentado no derradeiro trimestre. De non ser así, o obxectivo que nós presentamos aquí resulta perfectamente factible.

Un detalle máis. Dada a importancia dos comentarios de texto, o Departamento considera importante que os docentes dediquen varias xornadas do primeiro trimestre á elaboración, na aula, de comentarios de texto de cara á proba de «Composición sobre un texto filosófico» das PAU. O momento idóneo é despois de ter presentado a terceira unidade, «O pensamento de Platón», pois o alumnado disporía xa de coñecementos dun autor para organizar a información de acordo aos criterios dun comentario de texto.

Respecto da temporalización, tendo en conta que o total do curso ofrece arredor dunhas noventa sesións lectivas, farase do seguinte xeito:

UNIDADE	TÍTULO	SESIÓNS
Unidade 1	O nacemento da filosofía: Os autores presocráticos	2
Unidade 2	Os sofistas e Sócrates	2
Unidade 3	O pensamento de Platón	8
Preparación dos comentarios de texto		4
Unidade 4	O pensamento de Aristóteles	8
Unidade 5	O pensamento nas escolas helenísticas	2
Unidade 6	A formación do cristianismo: A Patrística	3
Unidade 7	O asentamento do cristianismo: A Escolástica	3
Unidade 8	A revolución renacentista do pensamento	2
Unidade 9	A revolución cartesiana da filosofía	8
Unidade 10	O debate racionalismo-empirismo	2
Unidade 11	O pensamento filosófico crítico na Ilustración	8
Unidade 12	O pensamento de Marx	8
Unidade 13	O pensamento de Nietzsche	8
Unidade 14	As correntes filosóficas do s. XX	2

3. METODOLOXÍA

Segundo a consideración do Departamento, o estudo da historia da filosofía non debe basearse nun repertorio de opinións dos distintos filósofos. Cada resposta filosófica deriva dunha pregunta que lle dá sentido. Se o alumnado non é consciente dos problemas, das preguntas, entón as respostas que se lles presenten resultaranlles alleas e sen sentido.

Coa presente programación didáctica, preténdese que o alumnado consiga un acceso honesto á tradición filosófica. Isto é imposible coa totalidade desa tradición. A esta finalidade deberá supeditarse á metodoloxía de investigación do propio alumnado co fin de que identifiquen a información que precisen para responder ás preguntas que se formularon.

Facer unha clase de historia da filosofía xa non será só resumir con claridade o que é necesario transmitir, senón aprender a saber preguntar ao pasado por problemas que teñen ou han ter unha presenza no noso presente e futuro.

3.1. PRINCIPAIS ACTIVIDADES

Contextualización

Cada unidade será introducida cunha contextualización, o máis completa posible, na época histórica. O obxectivo é a análise das condicións sociais e culturais que a enmarcan.

Explicación

As diferentes unidades serán explicadas polo docente. Nestas explicacións, hanse mostrar os contidos conceptuais sinalados para cada unidade. Para que as explicacións resulten efectivas, recomendamos o uso de mapas conceptuais, que sirvan como guía de comprensión e estudo para o alumnado.

Lectura e comentario de textos

O comentario de textos é unha actividade que vén sendo, desde hai xa moitos cursos, un dos obxectivos da aprendizaxe desta asignatura. A razón é sinxela: as Probas de Acceso á Universidade (PAU). O nome que se lle dá agora é o de «Composición sobre un texto filosófico».

Os comentarios se centrarán nos textos dos autores que nos contidos sinalabamos como esenciais (Platón, Aristóteles, Agostiño de Hipona, Tomé de Aquino, Descartes, Locke, Hume, Kant, Marx e Nietzsche).

Partimos do suposto de que o alumnado posúe xa a técnica do comentario de texto breve, e agora pretendemos introducir as destrezas correspondentes ao comentario de textos máis artellados, que unen nunha secuencia problemas filosóficos diversos entre si. Neste sentido, o texto non se utiliza para ilustrar unha explicación do profesor. A función consiste máis ben en facer que o texto fale por si mesmo e que o alumnado estableza, a través da lectura e a posterior análise, un diálogo coa problemática que o texto filosófico lles presenta.

Probas semellantes ás que lles van esixir para acceder á Universidade

Podería considerarse un apéndice do apartado anterior: consideramos que maior parte posible dos comentarios de texto que se fagan durante o curso, sigan o modelo das probas que se lles van esixir na universidade.

3.2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dada a premura de tempo para o desenvolvemento dos contidos, nun temario certamente ambicioso e extenso (mesmo excesivo, ao noso xuízo), o Departamento presenta unha serie de actividades que se desenvolverán en función das dispoñibilidades horarias e das características

do grupo.

Traballos

Esta actividade poderá ser individual ou en grupo, para a súa exposición oral ou escrita, e deberá consistir na busca de información, en comentarios de texto ou en recensións de lecturas, e os temas terán que ter relación cos contidos especificados para esta asignatura.

Debates

Desafortunadamente, a premura de tempo e a obrigatoriedade de presentar o que este Departamento considera como excesivos tópicos, dificulta a presentación de debates na aula. Aconsellamos porén que no desenvolvemento natural da materia, se anime ao alumnado a presentar dúbidas, alternativas ou calquera outra forma de dialéctica fronte ás solucións filosóficas, ao tempo que se contemple a posibilidade de abrir debates sobre esas presentacións dialécticas.

3.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto

O libro de texto non será usado como guía fundamental senón como apoio da aprendizaxe. Considerámolo pois recurso didáctico complementario. Para este curso, o libro proposto é: «Historia da filosofía», de Lorenzo Vallmajó Riera, editorial Rodeira, 2009, ISBN 978-84-8349-240-6.

Textos

Nas unidades nas que se trate algún autor en profundidade, usaremos textos, tanto para ilustrar explicacións como para que se elaboren, a partir deles, comentarios.

Material bibliográfico

Esta é a bibliografía básica que se lles presenta ao alumnado. Toda está dispoñible na biblioteca escolar.

López, X./Vallmajó, L.: *Historia da Filosofía*; Rodeira; A Coruña, 1999. Claro e sinxelo.

Reale, Giovanni./Antiseri, Dario: *Historia del pensamiento filosófico y científico* (en tres volúmenes; Herder; Barcelona, 1988. É moi claro e o suficientemente amplo como para que o alumnado consulte calquera dúbida.

Arnau/Bria/Cuellar/Estany/: *Antología y comentario de textos de filosofía*; Alhambra; Madrid, 1987. Un libro de esquemas que ademais presenta moitísimos textos comentados.

Ferrater Mora, José: *Diccionario de filosofía de bolsillo*; Alianza; Madrid, 1983. Un diccionario de apoio para consultas sobre conceptos, teorías e autores.

Ross, David: *Teoría de las ideas de Platón*; Cátedra; Madrid, 1986. É un libro moito complexo, para mentes arriscadas. Fai un percorrido exhaustivo pola ontoloxía e epistemoloxía de Platón.

Barnes, Jonathan: *Aristóteles*; Cátedra; Madrid, 1987. É un libríño básico onde o alumnado pode atopar explicacións máis completas que as que se presentan na clase.

Hartnack, Justus: *La teoría del conocimiento de Kant*; Cátedra; Madrid, 1983. É un manual que permite ordenar os elementos da *Crítica da razón pura*. Moi completo. Todo o que o alumnado non teña de todo claro sobre a epistemoloxía kantiana, pode consultalo neste libro.

Varios: *Nietzsche, Marx, Marcuse*; Bahía; A Coruña, 1994. É un manual bastante exhaustivo que vén acompañado de textos representativos.

Savater, Fernando: *Idea de Nietzsche*; Ariel; Barcelona, 1995. É un libro moi ameno e interesante no que se trata a vida e obra de Nietzsche desde unha perspectiva moi persoal.

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O Departamento asume os criterios de avaliación que se presentan no Decreto 126/2008, e que recollemos literalmente:

1. Ordenar e situar cronoloxicamente os períodos, problemas, autoras (?) e autores que se estudan, identificando as súas características distintivas e establecendo as relacións correspondentes.
2. Relacionar os problemas filosóficos estudados coas principais condicións socioculturais en que aparecen e a que pretenderon dar resposta.
3. Expoñer por escrito os aspectos dunha teoría filosófica individual, dunha escola ou período de forma completa, clara e coherente.
4. Analizar textos filosóficos identificando a súa estrutura, teses e argumentos e mais explicando os seus conceptos no marco do pensamento correspondente.
5. Comentar criticamente textos filosóficos, identificando os seus supostos implícitos, a consistencia dos seus argumentos e a vixencia das súas achegas na actualidade.
6. Elaborar pequenos traballos (buscas de información, recensións de lecturas, exposicións orais ou composicións escritas) sobre algún autor ou autora ou algún aspecto transversal a varios autores ou autoras con pautas metodolóxicas establecidas.
7. Participar en debates sobre algún tema filosófico de actualidade relacionado con contidos da materia, realizando escoita activa e exposición razoada e respectuosa.
8. Utilizar comprensivamente un vocabulario técnico específico en todas as actividades realizadas.

Asimesmo, o Departamento asume o indicado no Artigo 7º da Orde do 24 de xuño de 2008 (DOG do 27 de xuño do 2008) pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que no seu punto 1 di: «A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, polo que implicará un seguimento do proceso e dos resultados das aprendizaxes ao longo de todo o curso. Permitirá a adecuación, se fose preciso, de calquera dos elementos que constitúen o currículo».

4.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

As actividades avaliáveis poden ser de catro tipos:

1. **Probas escritas de coñecemento.** Nestas probas, valorarase:
 - a capacidade de contextualización da problemática filosófica
 - o dominio da problemática e da terminoloxía filosófica
 - o axuste e precisión dos datos e a habilidade para captar os principios xerais e a relevancia das cuestións máis importantes
 - a claridade de pensamento
 - a coherencia das ideas
 - o grao axeitado de desenvolvemento e explicitación
 - a corrección gramatical
2. **Comentarios de texto.** O alumnado deberá realizar probas escritas que seguirán prioritariamente, aínda que non exclusivamente, o modelo da proba que se lles vai esixir para acceder á universidade. Nestas probas o alumnado deberá mostrar:
 - a contextualización da vida, obra e problemática filosófica do autor
 - a análise semántica dos principais conceptos do texto

- a identificación dos problemas formulados
- o recoñecemento dos argumentos que o autor presenta
- a relación entre as teorías do autor e a temática tratada no texto
- a relación das teorías co resto das teorías da historia da filosofía
- a explicación, coas súas propias palabras e de forma argumentada, do significado do texto
- a capacidade para descubrir supostos subxacentes no texto

Aparte disto, valoraranse todos os aspectos reseñados con respecto ás probas escritas de coñecemento.

3. Traballos para a súa exposición oral ou escrita. Os traballos poderán ser de busca de información, de comentarios de texto ou de recensións de lecturas, e os temas terán que ter relación cos contidos especificados para esta asignatura. Nestes traballos poderán valorarse os seguintes aspectos:

- a capacidade para buscar información
- a capacidade de planificación e de resolución
- a asimilación da información recibida
- a claridade na exposición
- a orixinalidade expositiva
- a coherencia nas ideas expresadas
- a contextualización filosófica do tema
- o recoñecemento e asimilación de argumentacións

4. A actitude na aula. Que fundamentaremos nestes aspectos:

- a atención ás normas e dictados do docente
- a capacidade de colaboración cos compañeiros e co docente
- a capacidade de análise crítica
- a curiosidade polas temáticas e problemas filosóficos
- a participación activa, crítica e respectuosa en debates sobre algún tema filosófico relacionado cos contidos da materia

4.3. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Criterios de cualificación

Para cualificar teranse en conta os seguintes criterios cuantificables:

- Coñecementos teóricos sobre as informacións suministradas en cada unidade.
- Capacidade de exposición da información por escrito: redacción clara, capacidade argumentativa, orde expositiva, coherencia.
- Capacidade para comentar textos filosóficos.

Tamén se terán en conta os seguintes criterios de actitude:

- Traer o material de traballo esixido polo profesor. Non traelo, non exime do cumprimento das tarefas.
- Cumprir as tarefas encargadas para o desenvolvemento do curso.
- Colaboración cos compañeiros e co profesor.
- Elaboración de traballos e tarefas dirixidas polo profesor.

Procedementos de cualificación

O curso divídese en bloques e unidades. En cada reunión periódica da xunta de avaliación daremos a nota media de todas as probas que se leven cualificadas até ese momento.

Faranse dous tipos de probas: 1. De unidades, 2. De autores. As probas das unidades teñen como obxectivo avaliar o coñecemento xeral da historia da filosofía. As probas de autores teñen como obxectivo avaliar a capacidade para comentar textos. Por iso, chamaranse tamén probas de comentario de texto. Haberá, pois, dez probas repartidas en cinco secuencias. Vexámolo:

SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN	PROBA DE UNIDADES	PROBA DE COMENTARIO
1ª secuencia (Mediados de outubro)	Unidades 1, 2 e 3	Platón
2ª secuencia (Finais de novembro)	Unidades 4 e 5	Aristóteles
3ª secuencia (Mediados de febreiro)	Unidades 6 e 7 Unidades 8 e 9	Agostiño de Hipona ou Tomé de Aquino ou Locke ou Descartes
4ª secuencia (Finais de marzo)	Unidades 10 e 11	Hume ou Kant
5ª secuencia (Principios de maio)	Unidades 12, 13 e 14	Marx ou Nietzsche

As cualificacións dos exames de comentario seguirán os criterios presentados polo grupo de traballo de filosofía para as PAU (ver <http://ciug.cesga.es/grupos/filosofia.html>)

Cada secuencia de exames terá unha cualificación numérica resultado da media compensada entre a cualificación da proba, ou probas, das unidades e da cualificación da proba de comentario de textos (a cualificación da proba de comentario vale o dobre). A cualificación final do curso será o resultado da media aritmética das cinco cualificacións das secuencias.

4.4. ACTIVIDADES E SISTEMA DE RECUPERACIÓN

Recuperacións finais de maio

O Departamento parte de que as recuperacións se basearán na división do temario en secuencias (tal e como se detalla no punto anterior, 4.3).

As recuperacións faranse os derradeiros días de clase do curso, de acordo á secuenciación das probas, é dicir, recuperaranse secuencias completas.

Débense recuperar obrigatoriamente todas as secuencias avaliadas cun 3 ou menos.

Se a nota media é 5 ou superior a 5, e non hai ningunha secuencia avaliada cun 3 ou menos, non será preciso recuperar nada.

Se a nota media é inferior a 5, recuperaranse todas as secuencias suspensas.

Recuperacións de setembro

A proba extraordinaria de setembro basearase nunha comentario dos textos seleccionados para o presente curso polo grupo de traballo de filosofía para as PAU.

4.5. REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Esta asignatura é unha das que máis dificultade teórica presenta de todo segundo de bacharelato. A dificultade está na ambición do temario oficial, na carga teórica e na orientación cara aos comentarios de textos filosóficos. Como reforzo para lograr a recuperación daqueles alumnos que teñan problemas para conseguir os niveis esixibles de competencia o Departamento propón tres medidas:

1. A atención individualizada serve para resolver os problemas de competencia. Se os problemas están na comprensión teórica ou na elaboración de comentarios de textos filosóficos, o profesor presentará material e exercizos complementarios que permitan ao alumnado achegarse aos obxectivos básicos. Se os problemas están na motivación, o profesor traballará estratexias para incorporar ao alumno aos plans normalizados de traballo.

2. O traballo colaborativo do alumnado con mellor nivel con aquel que amose problemas para conseguir os niveis esixibles de competencia serve para resolver os problemas tanto de comprensión, como de elaboración de comentarios de texto, como de motivación ou de

capacidade de traballo. O propósito é que ese alumnado cun mellor coñecemento e maior destreza á hora de afrontar as cuestións e competencias da asignatura sirva de guía ao seu compañeiro ou compañeira intentando que esa axuda non sexa unha carga para o alumnado de mellor nivel senón unha forma de mellorar o seu rendemento.

3. Dada a importancia dos comentarios de textos filosóficos, o Departamento propondrá clases adicionais voluntarias para reforzar a competencia neste tipo de probas ao alumnado con dificultades.

4.6. CONTIDOS MÍNIMOS

Para as probas extraordinarias de maio e setembro, estes serán os contidos mínimos de coñecemento teórico.

Unidade 1: O nacemento da filosofía: As teorías dos autores presocráticos

1. O paso do mito ao logos.
2. A contribución ontolóxica dos principais autores presocráticos.

Unidade 2: Os sofistas e Sócrates

1. A ilustración ateniense: os sofistas e Sócrates.

Unidade 3: O pensamento de Platón

1. Realidade e coñecemento desde a teoría das ideas.
2. O ser humano e a sociedade.

Unidade 4: O pensamento de Aristóteles

1. A teoría da natureza (ontoloxía).
2. Ética e política.

Unidade 5: O pensamento das escolas do período helenístico

1. As teorías éticas das escolas epicúrea, estoica e escéptica.

Unidades 6 e 7: A formación do cristianismo: A Patrística; O asentamento do cristianismo: A Escolástica

1. Os problemas razón-fe durante o período medieval.
2. O problema da lei natural segundo Tomás de Aquino.

Unidade 8: A revolución renacentista do pensamento

1. O Humanismo e o renacemento como tránsito á modernidade.
2. A revolución científica do Renacemento.
3. A xénese do Estado moderno. Locke e a teoría do contrato social.

Unidade 9: A revolución cartesiana da filosofía

1. Epistemoloxía: o problema do método e o plan filosófico cartesiano de renovación.
2. A evidencia do eu: a teoría da substancia e o dualismo mente-corpo.

Unidade 10: O debate racionalismo-empirismo

1. A teoría do coñecemento empirista fronte ao racionalismo: o fenomenismo e a crítica da idea de causa en Hume.

Unidade 11: O pensamento filosófico crítico na Ilustración

1. A epistemoloxía kantiana como síntese de racionalismo e empirismo
2. A ética formal kantiana.

Unidade 12: O pensamento de Marx

1. Crítica ao idealismo e materialismo anterior: o concepto de alienación
2. O materialismo histórico.

Unidade 13: O pensamento de Nietzsche

1. A crítica dos valores da cultura occidental.
2. A transvaloración dos valores: nihilismo; vontade de poder; superhome; eterno retorno.

Unidade 14: As correntes filosóficas do século XX

1. As principais correntes filosóficas do século XX.
2. A filosofía en España. O pensamento galego.

5. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A «Historia da filosofía», pola súa propia natureza, é unha materia marcadamente interdisciplinar. Ao longo do seu desenvolvemento conecta, en maior ou menor grao, co resto das materias que integran as diversas modalidades do bacharelato, particularmente: Historia, Historia da Arte, Literatura, Física, Matemáticas, Latín e Grego.

Todas as unidades didácticas, en especial na súa contextualización, permiten unha importante transversalidade na actividade docente. Todas, sen excepción, cumpren unha función de transversalidade respecto á Educación moral e cívica. Pero hai outras unidades que permiten máis conexións. Vexámolo pormenorizadamente:

Unidade 2: Os sofistas e Sócrates

Saúde e calidade de vida.

Unidade 5: O pensamento das escolas do período helenístico

Educación para o lecer. Saúde e calidade de vida. Educación para a igualdade entre os sexos.

Unidades 6 e 7: A formación do cristianismo: A Patrística; O asentamento do cristianismo: A Escolástica

Educación para a paz.

Unidade 10: O pensamento filosófico crítico na Ilustración

Educación para a paz.

Educación para a igualdade entre os sexos.

Unidade 12: O pensamento de Marx

Educación ambiental. Educación do consumidor. Educación para a igualdade entre os sexos.

6. MEDIDAS PARA ATENDER A DIVERSIDADE DO ALUMNADO

O Departamento presenta as chamadas «Medidas para atender a diversidade do alumnado» unificadas para todas as asignaturas ao seu cargo:

1. Como medida de catalogación da diversidade, propoñemos unha avaliación frecuente que comece a efectuarse perto do inicio do curso.
2. Propoñemos unha organización do curso, a partir da catalogación dos niveis de diversidade, no que o alumnado con mellor adaptación axude e colabore co que menos adaptación presente á asignatura e ás súas esixencias. Deste xeito, o alumnado convírtese en protagonista do proceso de atención á diversidade.
3. Como medida de atención ao alumnado que manifeste un grao especialmente elevado de coñecementos ou de madurez intelectual, con respecto ao nivel medio do grupo, propoñemos unha atención paralela que permita proporcionarlles lecturas de obras adecuadas ao temario, co obxectivo de fomentar a colaboración coas tarefas docentes a través da exposición de unidades didácticas na aula, sempre dirixido polo docente que ademais colaboraría na preparación desa exposición.
4. Como medida de atención alumnado que manifeste retraso con respecto ao nivel medio do grupo serán, así mesmo, atendidos individualmente segundo as súas dificultades. Se están na comprensión teórica, o docente presentará material complementario que permita achegarse aos obxectivos básicos. Se as dificultades están nas actividades prácticas, o profesor aumentará o grao de colaboración na escolla do material e na preparación e/ou exposición desas actividades.

7. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO AO PROXECTO LECTOR

Unha das bases metodolóxicas fundamentais na asignatura «Historia da filosofía» é a lectura e comentario de textos. Esta actividade está pensada como continuación e culminación das tarefas de lectura e comentario de textos en «Filosofía e cidadanía» en 1º de bacharelato.

Neste curso intentaremos conseguir que o alumnado adquira unha técnica adecuada, como se esixe para as PAU, de composición de comentarios de textos de carácter filosófico.

Os comentarios se centrarán nos textos dos autores que nos contidos sinalamos como esenciais (Platón, Aristóteles, Agostiño de Hipona, Tomé de Aquino, Descartes, Locke, Hume, Kant, Marx e Nietzsche) sen que por iso se deixen de tratar textos doutros autores e texto, en xeral, relevantes na historia da filosofía.

Partimos do suposto de que o alumnado posúe xa a técnica do comentario de texto breve, e agora pretendemos introducir as destrezas correspondentes ao comentario de textos máis artellados, que unen nunha secuencia problemas filosóficos diversos entre si. Neste sentido, o texto non se utiliza para ilustrar unha explicación do profesor. A función consiste, máis ben, en facer que o texto fale por si mesmo e que o alumnado estableza, a través da lectura e a posterior análise, un diálogo coa problemática que o texto filosófico lles presenta.

8. A SECCIÓN BILINGÜE

Continuando a labor comezada o curso pasado en primeiro de bacharelato, durante este curso, o Departamento traballará en segundo de bacharelato nunha sección bilingüe na asignatura «Filosofía e cidadanía» para primeiro de bacharelato.

Como xa fixemos o curso pasado e como é obvio, non haberá máis diferenza no tratamento da asignatura que no feito de que nesta sección se asentará o uso da lingua francesa nos seus catro aspectos esenciais: comprensión oral, comprensión escrita, expresión escrita e expresión oral, o cal obrigará ao uso de material didáctico parcialmente en lingua francesa.

De ningunha maneira se avaliará por separado os coñecementos da asignatura e o desenvolvemento no coñecemento e uso da lingua francesa. A proposta de avaliación que facemos é a de só ter en conta os resultados nas diferentes probas que se realizarán ao longo do curso, tal e como se detalle na Programación Didáctica do Departamento coa única diferenza de que o alumnado da Sección Bilingüe realizará algunhas desas probas, tanto teóricas como prácticas, total ou parcialmente en francés.

Para evitar agravios comparativos, o uso que se ha esixir da lingua francesa terá carácter progresivo, atenderá á diversidade do alumando, e seguirá criterios didácticos e pedagóxicos, tendo especial coidado de non aumentar a dificultade e o nivel dos coñecementos que a asignatura demanda ao resto do alumnado que a cursa pola vía ordinaria.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA ASIGNATURA
FILOSOFÍA E CIDADANÍA
PRIMEIRO DE BACHARELATO

ÍNDICE

o. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN		p. 17	
1. OBXECTIVOS		p. 18	
2. CONTIDOS	2.1. Presentación dos contidos	2.1.1. Contidos oficiais	p. 19
		2.1.2. Reorganización dos contidos	p. 19
		2.1.3. Xustificación da reordenación	p. 20
	2.2. Secuenciación e temporalización dos contidos	p. 21	
3. METODOLOXÍA	3.1. Principais actividades	p. 22	
	3.2. Actividades complementarias	p. 22	
	3.3. Materiais e recursos didácticos	p. 22	
4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	4.1. Criterios de avaliación	p. 23	
	4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	p. 23	
	4.3. Criterios e procedementos de cualificación	p. 23	
	4.4. Actividades e sistema de recuperación	p. 24	
	4.5. Reforzos para lograr a recuperación	p. 24	
	4.6. Contidos mínimos	p. 25	
5. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS		p. 27	
6. MEDIDAS PARA ATENDER A DIVERSIDADE DO ALUMNADO		p. 28	
7. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO AO PROXECTO LECTOR		p. 28	

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

De acordo ao **Decreto 126/2008, do 19 de xuño (DOG do 23 de xuño de 2008)** (polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia), presentamos a programación didáctica da asignatura «Filosofía e cidadanía» coa que pretendemos axeitar e unificar os contidos e metodoloxías que o Departamento utiliza para desenvolver a súa aprendizaxe entre o alumnado de primeiro de bacharelato do I.E.S. Manuel García Barros da Estrada.

A primeira consideración que queremos facer é que non nos parece en absoluto que o temario que presenta o Decreto se poida desenvolver cabalmente nas aproximadamente sesenta sesións por curso ás que queda reducida.

A nosa segunda consideración incide sobre o que o Decreto presenta como unha asignatura de enfoque dual: (1) pretende ser unha culminación do proceso de Educación para a cidadanía, que previamente se desenvolveu en 2º e 4º da E.S.O., nas asignaturas «Educación para a cidadanía e os dereitos humanos» (en 2º da E.S.O.) e «Educación ético-cívica» (en 4º da E.S.O.); (2) pretende tamén ser unha introdución ao estudo da historia da filosofía, estudo que se culminará coa asignatura «Historia da filosofía» en 2º de bacharelato. O Departamento considera que non hai ningún problema en conseguir o primeiro destes enfoques. Respecto ao segundo, as dúbidas son maiores porque malia a insistencia do Decreto en que a asignatura «Filosofía e cidadanía» comeza o ciclo de estudos filosóficos que han culminar coa asignatura de «Historia da Filosofía», en segundo de bacharelato, este Departamento considera que existen diferenzas substanciais entre ambas as asignaturas, tanto nos contidos como na metodoloxía aplicable, que fan complicado, tanto para o profesorado como para o alumnado, establecer unha continuidade. Porén, e dado o carácter abstracto na presentación da maioría dos contidos que sinalabamos anteriormente, o Departamento intentará interpretar as directrices do Decreto de xeito que os temas, na medida do posible e sen falsear o seu sentido esencial, poidan servir como introdución sincrónica a outros temas que con máis profundidade e detalle se han tratar diacronicamente na asignatura de segundo de bacharelato «Historia da filosofía».

1. OBXECTIVOS

O Departamento asume os obxectivos que presenta o Decreto 126/2008. Recollémolos aquí tal e como se presentan no devandito Decreto:

1. Coñecer e identificar as características específicas do ser humano e as dimensións que o configuran, analizando a súa xénese evolutiva e as tensións que xeran: dialéctica natureza/cultura e individuo/sociedade.
2. Comprender e analizar a forma específica de categorización e relación lingüístico-simbólica que os suxeitos humanos establecen co mundo e cos semellantes.
3. Analizar e comprender os elementos e procedementos propios da racionalidade e caracterizar a especificidade do saber filosófico contrastándoo con outros saberes -en especial co científico.
4. Distinguir a dobre dimensión teórica e práctica da filosofía, e comprender as grandes preguntas e problemas filosóficos xerados a partir desta dobre dimensión.
5. Analizar e comprender os fundamentos da acción moral, valorando a autonomía moral como meta ineludible dunha conduta madura e responsable.
6. Coñecer, analizar e valorar os enfoques das teorías éticas fronte á dobre aspiración de felicidade e xustiza na sociedade actual, facendo especial énfase nos esforzos de conciliación de ambas as aspiracións.
7. Comprender as conexións entre moral, dereito e política, partindo da análise do concepto de cidadanía e da súa xénese histórica.
8. Comprender e valorar as raíces éticas da lexitimidade política democrática e, en consecuencia, das institucións do Estado que sobre elas se levanten.
9. Analizar os novos retos da democracia no mundo globalizado actual.
10. Obter información por diversos medios sobre problemas filosóficos, analizándoa e integrándoa, así como adquirir unha bagaxe básica de nocións, conceptos e teorías elaboradas pola filosofía verbo dos citados problemas.
11. Dialogar, debater e argumentar con rigor lóxico e coherencia, respectando as persoas que sosteñen posturas diferentes.
12. Analizar textos referidos ás temáticas desenvoltas no currículo, así como elaborar composicións e traballos escritos sobre elas.
13. Manter un diálogo continuo coa vida real, mediante a aplicación das nocións e conceptos que se van adquirindo ao contorno.
14. Empregar con rigor e propiedade os conceptos e vocabulario específico correspondente, tanto na análise dos problemas como nos debates e exposicións orais e escritas.
15. Desenvolver competencia lectora e hábitos de traballo intelectual.
16. Desenvolver unha competencia social e cidadá baseada nunha actitude crítica, autónoma e responsable ante todo intento de xustificación de desigualdades sociais e ante toda discriminación por sexo, etnia, cultura, crenzas ou características individuais e sociais.

2. CONTIDOS

O Decreto 126/2008 presenta os contidos da asignatura divididos en cinco bloques, dos cales o primeiro é de contidos comúns. O Departamento presenta unha reordenación xustificada das unidades.

2.1. PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS

2.1.1. CONTIDOS OFICIAIS

Bloque I: O ser humano: configuración e dimensións

Unidade 1: O dobre proceso de evolución biolóxica e cultural: hominización e humanización.

Unidade 2: A dialéctica entre natureza e cultura e as diferentes concepcións do ser humano a que dá lugar.

Unidade 3: A dimensión social da persoa e a dialéctica entre persoa individual e sociedade.

Unidade 4: A relación lingüística e simbólica do suxeito co contorno: categorización do mundo e comunicación social.

Bloque II: O saber filosófico: sentido e finalidade

Unidade 5: A racionalidade: elementos e procedementos que a definen (conceptualización, inferencia, argumentación, coherencia, etc.), fronte a outras modalidades de coñecemento (crenzas, mitos, tradicións, etc.).

Unidade 6: A racionalidade científica e a súa demarcación.

Unidade 7: A dimensión teórica da racionalidade filosófica: a busca da verdade e o sentido da realidade a través da gnoseoloxía e a metafísica.

Unidade 8: A dimensión práctica da racionalidade filosófica: a busca de directrices para a acción a través da ética e a filosofía política.

Unidade 9: Preguntas e problemas fundamentais da filosofía.

Bloque III: Da filosofía moral á filosofía política

Unidade 10: Os fundamentos da acción moral: liberdade e responsabilidade.

Unidade 11: O tránsito da heteronomía á autonomía moral.

Unidade 12: As teorías éticas ante os retos da sociedade actual: felicidade e xustiza.

Unidade 13: A idea de cidadanía: xénese histórica e fundamentación filosófica.

Bloque IV: Estado, cidadanía e democracia

Unidade 14: O Estado: orixe e lexitimidade do poder político.

Unidade 15: Os dereitos humanos e a súa positivización constitucional por parte do Estado.

Unidade 16: Fundamentos filosóficos do estado democrático e de dereito: a lexitimidade legal-democrática.

Unidade 17: Os retos da democracia no mundo globalizado e intercomunicado actual: diversidade e identidade, cara a unha cidadanía cosmopolita.

Unidade 18: Principio de igualdade e a súa realización efectiva.

2.1.2. REORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS

Expoñemos agora a reordenación dos contidos e das unidades que propón este Departamento.

Bloque I. O SER HUMANO E O COÑECEMENTO

Unidade 1: A orixe biolóxica e cultural do ser humano

Unidade 2: Os sistemas humanos de coñecemento

Unidade 3: O pensamento lóxico

Bloque II. A DIMENSIÓN ÉTICA E POLÍTICA DO SER HUMANO

Unidade 4: A moralidade humana e a análise ética

Unidade 5: A organización política da sociedade

Unidade 6: O ser humano como cidadán

2.1.3. XUSTIFICACIÓN DA REORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS

Finalmente, presentamos os criterios razoados da reorganización dos contidos.

No que respecta á división en bloques, hai dúas variacións importantes: (1) unimos os dous primeiros bloques intentando unir a reflexión sobre a orixe do ser humano coa reflexión sobre a súa característica máis orixinal: o pensamento e o coñecemento ao que dá lugar. E tamén (2) unificamos os que no Decreto 126/2008 son bloque III e IV nun único bloque III. Con iso intentamos unificar os contidos de reflexión éticos e políticos sobre o cidadán que presenta o devandito Decreto.

No que respecta á división en unidades, reducímolos o máximo posible sen eliminar contidos (como logo se detallará), e unificando aquelas que a xuízo do Departamento son susceptibles de selo por contido, e respectando por riba de todo a coherencia do seu desenvolvemento. A redución de unidades simplifica a asimilación do alumnado ao simplificar a estruturación dos contidos, e facilita a tarefa de secuenciar e dar coherencia a unha asignatura de por si bastante heteroxenea.

Como xa avanzamos, esta redución de unidades non conleva ningunha redución de contidos. Detallamos agora, malia o intrincado que poida resultar, a correspondencia entre os contidos presentados polo Decreto 126/2008 e os que nós propoñemos. Para facilitar a comprensión, presentamos en negriña as unidades presentadas por este Departamento e suliñadas as unidades propostas polo Decreto.

Unidade 1: A orixe biolóxica e cultural do ser humano. Unificaría as unidades 1, 2 e 3: O dobre proceso de evolución biolóxica e cultural: hominización e humanización; a dialéctica entre natureza e cultura e as diferentes concepcións do ser humano a que dá lugar; a dimensión social da persoa e a dialéctica entre persoa individual e sociedade.

Unidade 2: Os sistemas humanos de coñecemento. Unificaría os contidos das unidades 9, 7 e 6 (Preguntas e problemas fundamentais da filosofía; a dimensión teórica da racionalidade filosófica: a busca da verdade e o sentido da realidade a través da gnoseoloxía e a metafísica; a racionalidade científica e a súa demarcación), e parte da unidade 5 (racionalidade: elementos e procedementos que a definen fronte a outras modalidades de coñecemento -crenzas, mitos, tradicións, etc.)

Unidade 3: O pensamento lóxico. Incluiría a unidade 4 (A relación lingüística e simbólica do suxeito co contorno: categorización do mundo e comunicación social) e parte da unidade 5 (A racionalidade: elementos e procedementos que a definen -inferencia, argumentación, coherencia, etc.-

Unidade 4: A moralidade humana e a análise ética. Unificaría os contidos das unidades 10, 11, 12 (Os fundamentos da acción moral: liberdade e responsabilidade; o tránsito da heteronomía á autonomía moral; as teorías éticas ante os retos da sociedade actual: felicidade e xustiza) e incluiría parte da unidade 8 (A dimensión práctica da racionalidade filosófica: a busca de directrices para a acción a través da ética e a filosofía política).

Unidade 5: A organización política da sociedade. Unificaría os contidos das unidades 14, 15 e 16 (O Estado: orixe e lexitimidade do poder político; os dereitos humanos e a súa positivización constitucional por parte do Estado; fundamentos filosóficos do estado democrático e de dereito: a lexitimidade legal-democrática) e incluiría parte da unidade 8 (A dimensión práctica da racionalidade filosófica: a busca de directrices para a acción a través da ética e a filosofía política).

Unidade 6: O ser humano como cidadán. Unificaría os contidos das unidades 13, 17 e 18 (A idea de cidadanía: xénese histórica e fundamentación filosófica; os retos da democracia no mundo globalizado e intercomunicado actual: diversidade e identidade, cara a unha cidadanía cosmopolita; principio de igualdade e a súa realización efectiva).

2.2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A distribución dos contidos conceptuais da materia ao longo do curso que este Departamento propón está pensada para que as oito unidades didácticas se repartan nos tres trimestres naturais do curso.

TRIMESTRE	BLOQUE	UNIDADES
Primeiro	Bloque I: O ser humano e o coñecemento	Unidades 1 e 2
Segundo	Bloque I: O ser humano e o coñecemento	Unidade 3
Terceiro	Bloque II: A dimensión ética e política do ser humano	Unidades 4 a 6

O Departamento considera esta secuenciación dos contidos máis como regulativa que como preceptiva. As análises e os posibles cambios, se os houberse (sempre xustificadas), deberán ser consignados nas actas de reunión de Departamento.

3. METODOLOXÍA

3.1. PRINCIPAIS ACTIVIDADES

Explicacións

As unidades serán explicadas polo profesor, atendendo ás diferentes características das propias unidades. Recomendamos o uso de mapas conceptuais e de actividades prácticas que ilustren as explicacións.

Comentario de textos

O comentario de textos é unha actividade que consideramos importante na asignatura de «Filosofía e cidadanía». Intentaremos conseguir que o alumnado adquira unha técnica básica en comentarios de textos breves. Intentarase tamén que neses comentarios se presenten as mesmas esixencias, pero simplificadas, que se lle han presentar nos de «Historia da filosofía»: coherencia, contextualización, análise semántica, captación da estrutura das ideas do texto, captación da problemática presentada, corrección gramatical e ortográfica, etc.

Traballos

O Departamento considera que a elaboración de traballos por parte do alumnado, tanto para a súa presentación escrita como oral, é unha actividade fundamental que lles dá protagonismo e que desenvolve as destrezas na busca, ordenación e exposición de información, desenvolvendo paralelamente a súa autonomía.

3.2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Debates

Dado o carácter da asignatura, consideramos fundamental que se anime ao alumnado a presentar dúbidas, alternativas ou calquera outra forma de dialéctica fronte ás informacións presentadas, e que se abran debates na aula sobre esas presentacións dialécticas.

3.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto

O libro de texto pode ser utilizado polos profesores como guía fundamental na aula, ou só como apoio das explicacións. En calquera dos dous casos, considerámolo recurso didáctico complementario. Para este curso, o libro proposto é: «Filosofía e cidadanía», de varios autores, editorial Rodeira, 2008, ISBN 978-84-8349-214-7.

Textos

Aínda que se pode xeralizar o seu uso a todas as unidades, recomendámoslos especialmente para as que se presenten contidos teóricos relacionables coa historia da filosofía.

Material audiovisual

O alumnado actual está habituado á recepción de representacións audiovisuais pero non está suficientemente educado para interpretarlas. Consideramos que o uso de material audiovisual é interesante sempre que sexa debidamente xustificado, de cara ao alumnado, polo profesor, como parte do proceso de ensino e aprendizaxe.

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O Departamento asume os criterios de avaliación que presenta o Decreto 126/2008. Recollémolos aquí tal e como se presentan no devandito Decreto:

1. Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos problemas, conceptos e teorías específicos propostos para cada bloque temático.
2. Caracterizar, identificar e expoñer, tanto de forma oral como escrita, os problemas, conceptos e teorías propostos e desenvolto en cada un dos bloques temáticos específicos.
3. Ler, analizar e comentar, tanto oralmente como por escrito, textos referidos ás nocións e problemas abordados.
4. Debater e argumentar acerca das cuestións máis problemáticas e controvertibles suscitadas por certos temas, fundamentalmente os éticos e políticos.
5. Utilizar un vocabulario técnico específico tanto nas argumentacións como nas exposicións orais e escritas.
6. Transferir e aplicar as nocións, conceptos e teorías incorporadas á análise da vida real e do propio contorno.

4.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar o proceso de aprendizaxe, estes serán os aspectos que se poderán ter en conta:

1. Probas escritas de coñecementos
2. Traballos monográficos ligados ao contido da materia
3. Exposicións orais de traballos ligados ao contido da materia
4. Lectura de libros relacionados co contido da materia
5. Comentarios de texto. O alumnado deberá realizar probas escritas que pretenden axudar a dominar o modelo que este Departamento esixirá en 2º de bacharelato. Estes son os aspectos que se valorarán:
 - a contextualización do texto
 - a análise semántica dos principais conceptos do texto
 - a identificación dos problemas formulados
 - o recoñecemento dos argumentos presentados
 - a explicación, coas súas propias palabras e de forma argumentada, do significado do texto
 - a capacidade para descubrir supostos subxacentes no texto
 - a corrección gramatical e ortográfica
6. Aportacións persoais en forma de preguntas na aula, argumentacións relacionadas cos temas de debate, suministro de material relevante para o desenvolvemento das clases e, en xeral, as mostras de interese, participación e dinamización.

4.3. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Criterios de cualificación

Para cualificar teranse en conta os seguintes criterios cuantificables:

- Coñecementos teóricos sobre as informacións suministradas en cada unidade.
- Capacidade de exposición da información por escrito: redacción clara, capacidade argumentativa, orde expositiva, coherencia.

-Capacidade de exposición oral da información: exposición clara, capacidade argumentativa, orde expositiva, coherencia.

Tamén se terán en conta os seguintes criterios de actitude:

-Traer o material de traballo esixido polo profesor. Non traelo, non exime do cumprimento das tarefas.

-Cumprir as tarefas encargadas para o desenvolvemento do curso.

-Colaboración cos compañeiros e co profesor.

Procedementos de cualificación

O Departamento parte de que o curso se divide en unidades. Cada unidade terá unha cualificación, froito da media ponderada das probas feitas para avaliar a asimilación dos coñecementos. A cualificación xeral en cada momento será o resultado da media aritmética de todas as cualificacións das unidades que se leven realizadas.

Dada a especificidade de cada unidade, o tipo de probas que se cualificarán serán diferentes. Especificamos as posibilidades máximas (en función do tempo e do desenvolvemento do curso, poderán reducirse o tipo de probas para cualificar unha unidade):

UNIDADE	TIPOS DE PROBAS
1: A orixe biolóxica e cultural do ser humano	Probas escritas de asimilación da información e comentarios de texto
2: Os sistemas humanos de coñecemento	Probas de comprensión escrita e probas prácticas, comentarios de texto
3: O pensamento lóxico	Exercicios e probas prácticas
4: A moralidade humana e a ética	Traballos prácticos, comentarios de texto e probas escritas de asimilación da información
5: A organización política da sociedade	Traballos prácticos, comentarios de texto e probas escritas de asimilación da información
6: O ser humano como cidadán	Traballos prácticos, comentarios de texto e probas escritas de asimilación da información

Atención do alumnado coa asignatura pendente

Nos primeiros vinte días do curso, a Xefatura de Departamento reunirá ao alumnado coa materia pendente. Nesa reunión, (1) informaráselles das horas de Xefatura de Departamento nas que se atenderán as súas dúbidas, (2) comunicaránselle os contidos mínimos, e (3) aclararánselles as condicións das probas e as actividades que permitirán a recuperación.

As probas ou actividades para recuperar a asignatura serán alomenos dúas, e estarán repartidas entre o primeiro e o segundo trimestre do curso. Existirá ademais, como é preceptivo, unha proba de recuperación final, para os que non superen as probas durante o curso, e que se realizará segundo o calendario e horario disposto pola dirección do centro.

4.4. ACTIVIDADES E SISTEMA DE RECUPERACIÓN

As probas de recuperación serán semellantes ás especificadas no punto anterior para cada unidade.

As recuperacións faranse, por unidades, nos derradeiros días do curso. Débense recuperar todas as unidades avaliadas cun 3 ou menos. Se a nota media é superior ao 5, e non hai ningunha unidade avaliada cun 3 ou menos, non será preciso recuperar nada. Se a nota media é inferior a 5, recuperaranse todas as unidades suspensas.

4.5. REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Normalmente os problemas nesta asignatura céntranse en aspectos de competencia lingüística (expresión e comprensión escrita e oral, coherencia expositiva, capacidade argumentativa...) e de motivación. Como reforzo para lograr a recuperación daqueles alumnos que teñan problemas

para conseguir os niveis esixibles de competencia o Departamento propón dúas medidas:

1. A atención individualizada serve para resolver os problemas de competencia. Se os problemas están na comprensión teórica ou nas competencias lingüísticas, o profesor presentará material e exercicios complementarios que permitan ao alumno achegarse aos obxectivos básicos. Se as dificultades están nas actividades prácticas, o profesor aumentará o grao de colaboración na escolla do material e na preparación e/ou exposición desas actividades. Se os problemas están na motivación, o profesor traballará estratexias para incorporar ao alumno aos plans normalizados de traballo.
2. O traballo colaborativo do alumnado con mellor nivel con aquel que amose problemas para conseguir os niveis esixibles de competencia serve para resolver os problemas tanto de comprensión, como de motivación ou de capacidade de traballo. O propósito é que ese alumnado cun mellor coñecemento e maior destreza á hora de afrontar as cuestións e competencias da asignatura sirva de guía ao seu compañeiro ou compañeira intentando que esa axuda non sexa unha carga para o alumnado de mellor nivel senón unha forma de mellorar o seu rendemento.

4.6. CONTIDOS MÍNIMOS

Para as probas de recuperación de xuño e setembro, estes serán os contidos mínimos de coñecemento teórico.

Unidade 1: A orixe biolóxica e cultural do ser humano

1. Fixismo e evolucionismo como solucións ao problema do polimorfismo dos seres vivos.
2. Principais teorías evolucionistas.
3. O proceso de hominización.
4. Evolución biolóxica e evolución cultural.
5. A cultura e os seres humanos: unidade e diversidade do humano.
6. Individuo e sociedade. A sociabilidade humana. O proceso de socialización. A estrutura social.

Unidade 2: Os sistemas humanos de coñecemento

1. A orixe da filosofía e do pensamento racional. Mito e filosofía. Filosofía e ciencia.
2. Características do pensamento filosófico.
3. As partes da filosofía e os principais problemas filosóficos. Etapas da historia da filosofía.
4. Ciencia e filosofía. O nacemento e evolución da ciencia. A clasificación das ciencias.
5. A metodoloxía científica.
6. As cosmovisións científicas ao longo da historia.

Unidade 3: O pensamento lóxico

1. Lóxica, pensamento, linguaxe e realidade
2. Lóxica formal: formalización, táboas de verdade, cálculo e derivación.
3. A argumentación: falacias, paradoxos e enganos argumentais.

Unidade 4: A moralidade humana e a ética

1. A conduta moral humana.
2. A reflexión ética sobre a conduta moral humana.
3. Os principais problemas morais do noso tempo.

Unidade 5: A organización política da sociedade

1. A organización política do poder
2. O poder político e as súas formas. Estado e nación. Os sistemas políticos. A organización dun Estado

Unidade 6: O ser humano como cidadán

1. O sistema democrático: orixe, historia e mecanismos do sistema democrático.
2. A cidadanía nun sistema democrático: Problemas e límites do sistema democrático. Democracia, dereito e igualdade. Desobediencia civil e obxección de conciencia

A estes contidos mínimos de coñecemento teórico, hai que engadir, para a cualificación final de xuño, os seguintes requisitos prácticos:

- todo traballo práctico, ben sexa oral ou escrito, ben individual ou en grupo, debe estar entregado nas datas e condicións estipuladas no seu momento.
- a competencia en comentarios de texto debe resultar adecuada aos criterios que se especifican.

5. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

«Filosofía e cidadanía» é unha asignatura, como xa temos comentado, que abrangue unha gran cantidade de temas. Ao longo do desenvolvemento natural da materia, conéctase, en gran medida, con outras materias (bioloxía, física, química, historia, relixión, etc.) e cos considerados temas transversais. Vexámolo destacando as unidades implicadas:

Unidade 1: A orixe biolóxica e cultural do ser humano

Educación multicultural. Educación sexual. Educación para os dereitos humanos e a paz. Educación ambiental. Educación multicultural.

Unidade 2: Os sistemas de coñecemento humano

Educación ambiental.

Unidade 3: O pensamento lóxico

Educación para a convivencia. Educación para a igualdade entre sexos.

Unidade 5: A moralidade humana e a ética

Educación para o consumo. Educación para os dereitos humanos e a paz. Educación para a igualdade entre sexos. Educación ambiental. Educación multicultural. Educación para a convivencia.

Unidade 6: A organización política da sociedade

Educación para os dereitos humanos e a paz. Educación para a igualdade entre sexos. Educación multicultural. Educación para a convivencia.

Unidade 7: O ser humano como cidadán

Educación para o consumo. Educación para os dereitos humanos e a paz. Educación para a igualdade entre sexos. Educación ambiental. Educación multicultural. Educación vial. Educación para a convivencia. Educación para a saúde.

6. MEDIDAS PARA ATENDER A DIVERSIDADE DO ALUMNADO

O Departamento presenta as chamadas «Medidas para atender a diversidade do alumnado» unificadas para todas as asignaturas ao seu cargo:

1. Como medida de catalogación da diversidade, propoñemos unha avaliación frecuente que comece a efetuarse perto do inicio do curso.
2. Propoñemos unha organización do curso, a partir da catalogación dos niveis de diversidade, no que o alumnado con mellor adaptación axude e colabore co que menos adaptación presente á asignatura e ás súas esixencias. Deste xeito, o alumnado convírtese en protagonista do proceso de atención á diversidade.
3. Como medida de atención ao alumnado que manifieste un grao especialmente elevado de coñecementos ou de madurez intelectual, con respecto ao nivel medio do grupo, propoñemos unha atención paralela que permita proporcionarlles lecturas de obras adecuadas ao temario, co obxectivo de fomentar a colaboración coas tarefas docentes a través da exposición de unidades didácticas na aula, sempre dirixido polo docente, que ademais colaboraría na preparación desa exposición.
4. Como medida de atención alumnado que manifieste retraso con respecto ao nivel medio do grupo serán, así mesmo, atendidos individualmente segundo as súas dificultades. Se están na comprensión teórica, o docente presentará material complementario que permita achegarse aos obxectivos básicos. Se as dificultades están nas actividades prácticas, o profesor aumentará o grao de colaboración na escollo do material e na preparación e/ou exposición desas actividades.

7. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO AO PROXECTO LECTOR

Unha das bases metodolóxicas fundamentais na asignatura «Filosofía e cidadanía» é a lectura e comentario de textos. Esta actividade está pensada como iniciación aos comentarios de texto en «Historia da filosofía» en 2º de bacharelato, onde xa estaremos a falar de «Composición sobre textos de carácter filosófico». Neste curso, pois, intentaremos conseguir que o alumnado adquira unha técnica básica en comentarios de textos breves. Intentarase tamén que nesos comentarios se presenten as mesmas esixencias, pero simplificadas, que se lle han presentar nos de «Historia da filosofía»: contextualización, análise semántica, captación da estrutura das ideas do texto, coherencia, captación da problemática presentada, corrección gramatical e ortográfica, etc.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA ASIGNATURA
ANTROPOLOXÍA
PRIMEIRO DE BACHARELATO

ÍNDICE

0. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN		p. 30	
1. OBXECTIVOS		p. 31	
2. CONTIDOS	2.1. Presentación dos contidos	2.1.1. Contidos oficiais	p. 32
		2.1.2. Reorganización dos contidos	p. 33
	2.3. Secuenciación e temporalización dos contidos	p. 33	
3. METODOLOXÍA	3.1. Principais actividades	p. 34	
	3.2. Actividades complementarias	p. 34	
	3.3. Materiais e recursos didácticos	p. 35	
4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	4.1. Criterios de avaliación	p. 36	
	4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	p. 36	
	4.3. Criterios e procedementos de cualificación	p. 36	
	4.4. Actividades e sistema de recuperación	p. 37	
	4.5. Reforzos para lograr a recuperación	p. 38	
	4.6. Contidos mínimos	p. 38	
5. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS		p. 40	
6. MEDIDAS PARA ATENDER A DIVERSIDADE DO ALUMNADO		p. 40	
7. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO AO PROXECTO LECTOR		p. 40	

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Na **Orde do 25 de xuño de 2008** (DOG do 27 de xuño do 2008) pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta, introdúcese como materia optativa para o curso de primeiro de bacharelato, a asignatura de «Antropoloxía».

Trátase dunha asignatura de recente implantación pero que parece asentada no I.E.S. Manuel García Barros. Impártese por terceiro curso consecutivo con, cremos, bastante éxito nos resultados.

O eixo da asignatura é o enfrontamento do alumnado a interrogantes sobre si mesmo en relación cos «outros». Para conseguilo, o Departamento traballa co catálogo de respostas que as diferentes sociedades e culturas humanas ofreceron, ao longo da historia, aos principais problemas de supervivencia e desenvolvemento. Nese contexto, buscamos que o alumnado atope as súas propias solucións ao tempo que desenvolva actitudes de tolerancia e respecto crítico fronte a outras formas sociais e culturais e fronte á súa propia tradición social e cultural.

1. OBXECTIVOS

O Departamento asume os obxectivos que presenta a Orde do 25 de xuño de 2008. Recollémolos aquí tal e como se presentan na devandita Orde:

1. Adquirir unha visión científica do ser humano, atendendo á súa dimensión biolóxica e a cultural.
2. Coñecer, comprender e asumir as diferenzas e valorar a súa importancia para a supervivencia da especie nun mundo cada vez máis intercomunicado.
3. Adoptar, fronte ao feito da diversidade cultural e biolóxica, unha perspectiva integradora, que supere o etnocentrismo e o relativismo, que posibilite o recoñecemento libre de prexuizos e a relación responsable coas outras persoas.
4. Coñecer, analizar e comprender os procesos que conforman a natureza e a cultura humanas.
5. Fomentar actitudes de tolerancia que faciliten o diálogo entre as culturas.
6. Adquirir unha comprensión global do humano, a partir das achegas dos distintos campos da antropoloxía, das distintas ciencias humanas, sociais e naturais.
7. Valorar as achegas desde variadas perspectivas, como facilitadoras das claves que permiten realizar a conexión e a interpretación crítica dos diferentes materiais antropolóxicos.
8. Coñecer a especificidade dos estudos antropolóxicos, familiarizarse cos seus métodos de traballo específicos e aplicarlos ao estudo do contorno próximo, a fin de mellorar o coñecemento e valorar o patrimonio cultural de Galicia.
9. Transferir os coñecementos adquiridos á análise dos problemas fundamentais do mundo actual co fin de comprender as súas causas e implicarse activamente nas súas solucións.

2. CONTIDOS

A Orde do 25 de xuño de 2008 presenta os contidos da asignatura divididos en cinco bloques, sen aclarar unidades.

O Departamento presenta unha reordenación dos bloques e unha división en unidades didácticas.

2.1. PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS

2.1.1. CONTIDOS OFICIAIS

Estes son os contidos propostos oficialmente pola Orde do 25 de xuño de 2008:

A antropoloxía como campo de estudo

- Características, obxecto e método dos estudos antropolóxicos.
- Principais ramas da antropoloxía.
- Relación da antropoloxía con outras ciencias humanas.

A persoa humana

- Fundamento biolóxico da cultura. O proceso de hominización.
- A teoría da unidade da especie humana no evolucionismo.
- Raza, cultura, herdanza e medio.
- Natureza, cultura e sociedade.
- Interiorización de valores e patróns culturais.
- A diversidade cultural.
- A racionalidade e as lóxicas culturais. Alteridade e unidade das culturas.
- O cambio cultural. Diversidade e progreso.

Palabras e símbolos

- A cultura como orde simbólica.
- Símbolos e comunicación.
- Linguaxe e cultura. Comunidades lingüísticas.
- O poder das palabras e os nomes. Linguaxe e poder.
- A arte e as súas implicacións socioculturais
- Mito, rito, maxia e relixión.
- O saber e a educación.

Relacións interpersoais e organización social

- Espazo e parentesco. A pertenza a un contexto social. Os roles.
- Conflito e orde. Manexo do conflito.
- A base das institucións legais.
- As sociedades pre-estatais. A política no Estado.
- A desigualdade. Os efectos do colonialismo sobre as sociedades primitivas. Descolonización e dependencia.
- A sociedade global.

Natureza humana, liberdade e dignidade

- A estrutura específica do ser humano. Indeterminación, liberdade.
- A dimensión temporal da vida humana: tempo, vida e historia. A conciencia da morte.
- Do pracer e a dor ao sentimento moral. O descubrimento do outro e a conciencia moral. Sentimentos e teorías.

2.1.2. REORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS

O Departamento propón, nesta programación, facer corresponder a cada un dos apartados nos que a Orde do 25 de xuño de 2008 divide os contidos, un bloque, ao que cambiamos o nome só para unha mellor orientación do alumnado con respecto á división da antropoloxía en partes (tal e como se lles aclarará na primeira unidade). En calquera caso, consideramos que se trata dunha división clásica da Antropoloxía e os novos nomes intentan corresponder con esa división clásica.

A división en sete unidades que propoñemos recolle todos os contidos suxeridos só que reorganizados.

Bloque I. A antropoloxía como ciencia

Unidade 1: A Antropoloxía como ciencia.

Bloque II. Antropoloxía biolóxica

Unidade 2: A orixe biolóxica e cultural do ser humano

Bloque III. Antropoloxía social e cultural

Unidade 3: A organización social da relación co medio

Unidade 4: A organización social da reprodución

Unidade 5: A organización social do poder

Bloque IV. Antropoloxía lingüística

Unidade 6: A linguaxe e a arte

Bloque V. Antropoloxía filosófica

Unidade 7: O problema filosófico do ser humano

2.2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A distribución dos contidos conceptuais da materia ao longo do curso que este Departamento propón está pensada para que as nove unidades didácticas se repartan nos tres trimestres naturais do curso.

TRIMESTRE	BLOQUE	UNIDADES
Primeiro	Bloque I: A antropoloxía como ciencia Bloque II: Antropoloxía biolóxica	Unidade 1 Unidade 2
Segundo	Bloque III: Antropoloxía social e cultural	Unidades 3 a 5
Terceiro	Bloque IV: Antropoloxía lingüística Bloque V: Antropoloxía filosófica	Unidades 6 Unidade 7

Respecto da temporalización, tendo en conta que o total do curso ofrece arredor dunhas cento vinte sesións lectivas, farase do seguinte xeito:

UNIDADE	TÍTULO	SESIÓNS LECTIVAS
Unidade 1	A Antropoloxía como ciencia	6
Unidade 2	A orixe biolóxica e cultural do ser humano	30
Unidade 3	A organización social da relación co medio	15
Unidade 4	A organización social da reprodución	10
Unidade 5	A organización social do poder	10
Unidade 6	A linguaxe e a arte	20
Unidade 7	O problema filosófico do ser humano	15

3. METODOLOXÍA

Na consideración deste Departamento, a asignatura «Antropoloxía» debe ter unha orientación prioritariamente práctica, convertindo as cuestións teóricas nunha base, sempre necesaria, pero orientada ao correcto desenvolvemento desas prioritarias actividades prácticas.

3.1. PRINCIPAIS ACTIVIDADES

Traballos

Ao considerar o Departamento que esta asignatura debe ter unha orientación fundamentalmente práctica, a base do traballo de ensino e aprendizaxe será a elaboración de traballos por parte do alumnado, tanto para a súa presentación escrita como oral, e tanto de busca de información como ao estilo antropolóxico de «traballo de campo».

Visionado de películas e documentais

Seguindo a liña da orientación práctica da asignatura, o Departamento considera fundamental o visionado de películas e documentais que permitan situar o alumnado nun punto de vista que os descentre respecto á súa propia cultura.

Lecturas

O Departamento propón a lectura, para o seu comentario na aula, de alomenos un libro, relacionado cos temas que se estean a desenvolver, en cada trimestre do curso.

Explicacións

As unidades serán introducidas teoricamente polo profesor pero orientándoas o máximo posible ao traballo práctico posterior.

3.2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Libreta ou cartafol de aula

A libreta ou cartafol de aula serve para desenvolver no alumnado a responsabilidade e a autonomía no proceso de aprendizaxe. O seu control periódico ha permitir, aos docentes, unha análise personalizada do traballo feito, das buscas de información e da recollida de apuntamentos na aula.

Debates

Dado o carácter da asignatura, consideramos fundamental que se anime ao alumnado a presentar dúbidas, alternativas ou calquera outra forma de dialéctica fronte ás informacións presentadas, e que se abran debates na aula nos que o alumnado demostre a súa comprensión, a súa capacidade dialéctica e a súa implicación no proceso de aprendizaxe.

Comentario de textos

O comentario de textos é unha actividade que pode e debe ser usada na asignatura. Intentaremos conseguir que o alumnado adquira unha técnica básica en comentarios de textos breves. Intentarase que neses comentarios se presenten as mesmas esixencias, pero simplificadas, que se lle han presentar nos de «Historia da filosofía» en segundo de bacharelato: contextualización, análise semántica, captación da estrutura das ideas do texto, coherencia, captación da problemática presentada, etc.

3.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto

O libro de texto pode ser utilizado como guía fundamental na aula, ou só como apoio das explicacións. En calquera dos dous casos, considerámolo recurso didáctico complementario. Para este curso, o libro proposto é: «Antropoloxía», de Eva Garea, editorial Xerais, 2009, ISBN 978-84-9782-988-5.

Textos

Recomendámos o uso de textos que presenten ao alumnado diferentes puntos de vista culturais.

Esquemas

Ao considerarmos que as explicacións deben ter unha orientación organizadora e informativa para o posterior desenvolvemento práctico da asignatura, optamos polos esquemas e os mapas conceptuais como principal material de explicación na aula.

Material audiovisual

Para este curso a proposta de películas sería a seguinte:

TRIMESTRE	MATERIAL AUDIOVISUAL
1º	<i>Na busca do fogo</i> , de Jean-Jacques Annaud, 1981
	<i>La odisea de la especie</i> , de Jacques Malaterre, 2002
2º	<i>Pueblos de la Tierra</i> (Serie documental), 1998
3º	<i>Pueblos de la Tierra</i> (Serie documental), 1998

Material bibliográfico

Para este curso a proposta de lecturas sería a seguinte:

TRIMESTRE	MATERIAL AUDIOVISUAL
1º	<i>Romeiros do alén</i> , de Marcial Gondar. Xerais. Vigo. 1989
2º	<i>Jefes, cabecillas y abusones</i> , de Federico Cocho. Alianza. Madrid. 1996
3º	<i>La comunicación no verbal</i> , de Flora Davis. Alianza. Madrid. 1988

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O Departamento asume os criterios de avaliación que presenta a Orde do 25 de xuño de 2008. Recollémolos aquí tal e como se presentan no devandito decreto:

1. Relacionar a información procedente de diversas áreas do saber para comprender as características que constitúen os trazos universais que definen a especie humana e as variantes das distintas poboacións.
2. Identificar e explicar os distintos elementos e estruturas que conforman unha cultura.
3. Describir, analizar e explicar, usando conceptos adecuados, algún elemento cultural do seu contorno, e comparalo con outras manifestacións culturais, establecendo semellanzas e diferenzas.
4. Participar en debates sobre cuestións de actualidade, relativas ás relacións entre distintos modos de vida, usando un vocabulario apropiado e argumentos pertinentes.
5. Realizar sínteses integradoras a partir de achegas teóricas traballadas, e información adquirida en distintas fontes.
6. Elaborar un traballo de investigación sobre algún aspecto cultural do contorno.

4.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar o proceso de aprendizaxe, estes serán os aspectos que se terán en conta:

1. Traballos de campo sobre aspectos culturais
2. Traballos de busca de información ligados ao contido da materia
3. Probas escritas de coñecementos
4. Lectura de libros relacionados co contido da materia
5. Análise de material audiovisual relacionado co contido da materia
6. Comentarios de texto. O alumnado deberá realizar probas escritas que pretenden axudar a dominar o modelo que este Departamento esixirá en 2º de bacharelato. Estes son os aspectos que se valorarán:
 - a contextualización do texto
 - a análise semántica dos principais conceptos do texto
 - a identificación dos problemas formulados
 - o recoñecemento dos argumentos presentados
 - a explicación, coas súas propias palabras e de forma argumentada, do significado do texto
 - a capacidade para descubrir supostos subxacentes no texto
 - a corrección gramatical e ortográfica
7. Control do cartafol ou libreta de aula
8. Aportacións persoais en forma de preguntas na clase, participación en debates, argumentacións relacionadas cos temas de debate, suministro de material relevante para o desenvolvemento das clases e, en xeral, as mostras de interese, participación e dinamización.

4.3. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Criterios de cualificación

Para cualificar teranse en conta os seguintes criterios cuantificables:

- Coñecementos teóricos sobre as informacións suministradas en cada unidade.

-Capacidade de exposición da información por escrito: redacción clara, capacidade argumentativa, orde expositiva, coherencia.

-Capacidade de exposición oral da información: exposición clara, capacidade argumentativa, orde expositiva, coherencia.

Tamén se terán en conta os seguintes criterios de actitude:

-Traer o material de traballo esixido polo profesor. Non traelo, non exime do cumprimento das tarefas.

-Cumprir as tarefas encargadas para o desenvolvemento do curso.

-Colaboración cos compañeiros e co profesor.

Procedementos de cualificación

O Departamento parte de que as cualificacións se basearán na división do temario en unidades.

En cada unidade haberá alomenos unha proba teórica e/ou unha proba práctica, agás na primeira no que só haberá unha proba teórica, e na sétima no que só haberá unha proba práctica de comentario de texto. A cualificación de cada unidade será o resultado da media ponderada entre o total das probas realizadas.

En cada unha das tres reunións de avaliación, a cualificación será a media de todas as unidades que se leven avaliado.

Dada a especificidade de cada unidade, o tipo de probas que se cualificarán serán diferentes. Indicamos as posibilidades máximas (en función do tempo e do desenvolvemento do curso, poderán reducirse o tipo de probas para cualificar unha unidade):

UNIDADE	TIPOS DE PROBAS	
	TEÓRICAS	PROBAS PRÁCTICAS
1. A Antropoloxía como ciencia	Proba teórica	
2. A orixe biolóxica e cultural do ser humano	Proba teórica	<p>Película "Na busca do fogo"</p> <p>Documentais "La odisea de la especie"</p> <p>Lectura de "Romeiros do alén"</p> <p>Traballo de campo sobre a cultura galega</p> <p>Comentario de textos</p>
3. A organización social da relación co medio	Proba teórica	<p>Documentais "Pueblos de la tierra"</p> <p>Lectura de "Jefes, cabecillas y abusones"</p> <p>Traballo de campo sobre a cultura galega</p> <p>Análise práctica de condutas culturais</p>
4. A organización social da reprodución		
5. A organización social do poder		
6. A linguaxe e a arte	Proba teórica	<p>Documentais "Pueblos de la tierra"</p> <p>Lectura de "La comunicación no verbal"</p> <p>Traballo de campo sobre a cultura galega</p> <p>Comentario de textos</p>
7. O problema filosófico do ser humano		Comentario de textos

4.4. ACTIVIDADES E SISTEMA DE RECUPERACIÓN

O Departamento parte de que as recuperacións se basearán na división do temario en unidades.

Esas probas de recuperación serán teóricas pero o alumnado estará obrigado a entregar, completos e correctos, os traballos prácticos, que o profesor considere precisos, dos que foran cualificados de xeito negativo nas unidades suspensas.

As probas teóricas de recuperación faranse, por unidades, nos derradeiros días de curso.

Débense recuperar todos as unidades cualificadas cun 3 ou menos.

Se a cualificación media é superior ao 5, e non hai ningunha unidade avaliada cun 3 ou menos, non será preciso recuperar nada.

Se a cualificación final media é inferior a 5, recuperaranse todas as unidades suspensas.

Atención do alumnado coa asignatura pendente

Nos primeiros vinte días do curso, a Xefatura de Departamento reunirá ao alumnado coa materia pendente. Nesa reunión, (1) informaráselles das horas de Xefatura de Departamento nas que se atenderán as súas dúbidas, (2) comunicaránselle os contidos mínimos, e (3) aclararáselles as condicións das probas e as actividades que permitirán a recuperación.

As probas ou actividades para recuperar a asignatura serán alomenos dúas, e estarán repartidas entre o primeiro e o segundo trimestre do curso. Existirá ademais unha proba de recuperación final, para os que non superen as probas durante o curso, e que se realizará segundo o calendario e horario disposto pola dirección do centro.

4.5. REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Dado o carácter eminentemente práctico desta asignatura, os problemas céntranse en aspectos de motivación e de capacidade de traballo, aínda que tamén poden existir problemas de competencia lingüística (expresión e comprensión escrita e oral, coherencia expositiva, capacidade argumentativa...). Como reforzo para lograr a recuperación daqueles alumnos que teñan problemas para conseguir os niveis esixibles de competencia o Departamento propón dúas medidas:

1. A atención individualizada serve para resolver os problemas de competencia. Se os problemas están na motivación, o profesor traballará estratexias para incorporar ao alumno aos plans normalizados de traballo. Se as dificultades están nas actividades prácticas, o profesor aumentará o grao de colaboración na escollo do material e na preparación e/ou exposición desas actividades. Se os problemas están na comprensión teórica ou nas competencias lingüísticas, o profesor presentará material e exercizos complementarios que permitan ao alumno achegarse aos obxectivos básicos.
2. O traballo colaborativo do alumnado con mellor nivel con aquel que amose problemas para conseguir os niveis esixibles de competencia serve para resolver os problemas tanto de comprensión, como de motivación ou de capacidade de traballo. O propósito é que ese alumnado cun mellor coñecemento e maior destreza á hora de afrontar as cuestións e competencias da asignatura sirva de guía ao seu compañeiro ou compañeira intentando que esa axuda non sexa unha carga para o alumnado de mellor nivel senón unha forma de mellorar o seu rendemento.

4.6. CONTIDOS MÍNIMOS

Para as probas de recuperación de xuño e setembro, estes serán os contidos mínimos de coñecemento teórico.

Unidade 1: A Antropoloxía como ciencia

1. Obxecto, métodos e características da antropoloxía.
2. División da antropoloxía.

Unidade 2: A orixe biolóxica e cultural do ser humano

1. O proceso de hominización
2. Evolución biolóxica e evolución cultural. Raza, cultura, herdanza e medio.
3. Estrutura das culturas e diversidade cultural.

Unidade 3: A organización social da relación co medio

1. A organización social da alimentación, a vivenda, a vestimenta e o traballo

Unidade 4: A organización social da reprodución

1. Os códigos de parentesco (a familia)
2. As institucións sociais relacionadas coa regulamentación da vida sexual (matrimonio, etc.)
3. Os grupos sociais

4. Os roles sociais

Unidade 5: A organización social do poder

1. As formas de organización social do poder
2. As institucións e códigos éticos
3. As institucións legais e políticas

Unidade 6: A linguaxe e a arte

1. A linguaxe como código simbólico
2. Mito, maxia e relixión
3. A arte como código simbólico e creación cultural

Unidade 7: O problema filosófico do ser humano

1. A pregunta polo ser humano
2. Interpretacións históricas da estrutura antropolóxica do ser humano: monismo e dualismo
3. O problema da indeterminación e a liberdade

A estes contidos mínimos de coñecemento teórico, hai que engadir, para a cualificación final de xuño, que todo traballo práctico, ben sexa oral ou escrito, ben individual ou en grupo, debe estar entregado nas datas e condicións estipuladas no seu momento.

5. TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A «Antropoloxía» é unha asignatura, como se indica na Orde do 25 de xuño de 2008, que se conecta de xeito natural con varias das materias que os rapaces estudaron ou estudan ou estudarán ao longo do proceso educativo (bioloxía, historia ou sociais, relixión, linguas, etc.). Evidentemente, tamén ten un contido moi rico en temas transversais.

A xuízo do Departamento, as conexións máis evidentes daríanse cos contidos transversais de educación multicultural, educación para a convivencia e educación ambiental. Dun xeito menos evidente, poderíanse establecer conexións coa educación para a igualdade entre sexos, a educación sexual, e a educación para os dereitos humanos e a paz e mesmo coa educación vial.

6. MEDIDAS PARA ATENDER A DIVERSIDADE DO ALUMNADO

O Departamento presenta as chamadas «Medidas para atender a diversidade do alumnado» unificadas para todas as asignaturas ao seu cargo:

1. Como medida de catalogación da diversidade, propoñemos unha avaliación frecuente que comece a efectuarse perto do inicio do curso.
2. Propoñemos unha organización do curso, a partires da catalogación dos niveis de diversidade, no que o alumnado con mellor adaptación axude e colabore co que menos adaptación presente á asignatura e ás súas esixencias. Deste xeito, o alumnado convírtese en protagonista do proceso de atención á diversidade.
3. Como medida de atención ao alumnado que manifeste un grao especialmente elevado de coñecementos ou de madurez intelectual, con respecto ao nivel medio do grupo, propoñemos unha atención paralela que permita proporcionarlles lecturas de obras adecuadas ao temario, co obxectivo de fomentar a colaboración coas tarefas docentes a través da exposición de unidades didácticas na aula, sempre dirixido polo docente, que ademais colaboraría na preparación desa exposición.
4. Como medida de atención alumnado que manifeste retraso con respecto ao nivel medio do grupo serán, así mesmo, atendidos individualmente segundo as súas dificultades. Se están na comprensión teórica, o docente presentará material complementario que permita achegarse aos obxectivos básicos. Se as dificultades están nas actividades prácticas, o profesor aumentará o grao de colaboración na escolla do material e na preparación e/ou exposición desas actividades.

7. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO AO PROXECTO LECTOR

Como xa indicamos no apartado correspondente (3.3), o Departamento propón a lectura, para o seu comentario na aula, de alomenos un libro en cada trimestre do curso:

TRIMESTRE	MATERIAL AUDIOVISUAL
1º	<i>Romeiros do alén</i> , de Marcial Gondar. Xerais. Vigo. 1989
2º	<i>Jefes, cabecillas y abusones</i> , de Federico Cocho. Alianza. Madrid. 1996
3º	<i>La comunicación no verbal</i> , de Flora Davis. Alianza. Madrid. 1988

O único membro docente do Departamento de filosofía do I.E.S. Manuel García Barros, da Estrada dá a súa conformidade á Programación didáctica para o curso 2009-2010.

Arturo J. Vizcarra Trillo, Xefe de Departamento de filosofía

A Estrada, 17 de setembro de 2010